

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 27 DE MARZO DE 2020,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS  
PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se aproba a Instrución relativa aos contratos públicos de servizos, subministracións, concesión de obras e concesión de servizos da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico, ante a situación provocada polo COVID-19.

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

- Acordo polo que se autorizan os compromisos de gastos plurianuais derivados da Resolución pola que se convocan, para o ano 2020, con financiamento plurianual, as subvencións do Programa do bono de alugueiro social destinado ao alugamento de vivendas para as vítimas de violencia de xénero con financiamento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero (códigos de procedemento VI482C e VI482D).
- Acordo polo que se autoriza a aprobación da resolución de concesión directa das axudas dos programas do bono de alugueiro social e bono de alugueiro social destinado ao alugamento de vivendas para as vítimas de violencia de xénero correspondentes ao mes de abril de 2020, así como a exención do cumprimento do requisito do artigo 10.2 e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para a ampliación e mellora das instalacións de Exlabesa, de acordo co previsto na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.



## **CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL**

- Acordo polo que se autoriza a Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas de carácter directo ás familias do alumnado beneficiario de bolsas de comedor escolar nos centros públicos non universitarios xestionados pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, durante a situación de suspensión do servizo de comedor como consecuencia do COVID-19 con levantamento dos prazos de suspensión do procedemento.

## **CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo, e o Consello Superior de Investigacións Científicas, M.P., para instrumentar unha subvención destinada ao desenvolvemento de actividades no Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento por importe total de cento cincuenta mil euros (150.000,00 €).

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Informe sobre novas medidas tributarias e de apoio e liquidez a cidadáns e empresas por mor dos efectos do COVID-19.

### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

- Informe sobre o programa de voluntariado dos Axentes Medioambientais para a contención do COVID-19.

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Informe sobre as liñas de financiamento dirixidas a autónomos e micropemes ante o COVID-19.
- Informe sobre a posta en marcha do Comité de fabricación de equipamentos sanitarios ante o COVID-19

## **CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL**

- Informe sobre o soporte online ao alumnado e profesorado do ensino non universitario galego.



## CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a contratación polo trámite de emerxencia de diversos materiais de protección, destinados a profesionais e doentes, para facer fronte ao COVID-19, por importe de seis millóns seiscentos noventa e sete mil seiscentos trinta e oito euros con corenta e un céntimos (6.697.638,41 €).

## OS CONTRATOS DE SERVIZOS E SUBMINISTROS DA XUNTA QUE NON SE POIDAN EXECUTAR POLA CRISE SANITARIA QUEDARÁN SUSPENDIDOS

- ***A suspensión non suporá a resolución dos contratos, que serán reanudados en canto cesen as circunstancias actuais ocasionadas pola epidemia do coronavirus***
- ***Quedan excluídos os contratos referidos a subministro sanitario, farmacéutico, de limpeza, mantemento de sistemas informáticos ou calquera outro vinculado á crise sanitaria***

O Consello da Xunta aprobou hoxe unha instrución referida aos contratos de servizos e subministros da Administración autonómica. Seguindo a liña marcada polo Real Decreto 8/2020, quedarán suspendidos de forma automática aqueles contratos que non se poidan executar debido ás restricións do Estado de Alarma e/ou á crise sanitaria. Quedan excluídos deste suposto aqueles contratos que non estean afectados pola situación e aqueles indispensables para o interese xeral e funcionamento básico dos servizos.

Na instrución aprobada hoxe, recóllese que se suspenderán os contratos de prestación sucesiva cuxa execución sexa imposible ben pola epidemia, ou ben polas restricións adoptadas polo Estado, a comunidade autónoma ou os concellos; así como quedarán tamén suspendidos aqueles que teñan perdido a súa finalidade de forma transitoria.

A suspensión non suporá en ningún caso a resolución do contrato e esta levantarase en canto cesen ás circunstancias que a provocaron. Tal e como se recolle no Real Decreto, contéplase a posibilidade de indemnización ao contratista, sempre que a solicite e acredite, e esta cubrirá os conceptos establecidos na normativa estatal: custos salariais, por mantemento da garantía definitiva, por alugueiros ou custos de mantemento de maquinaria e outras instalacións; ou polas pólizas de seguro.

A instrución aprobada hoxe tamén establece que se permitirá unha prórroga para aqueles casos de contratos de prestación sucesiva que venceron, pero para os que non foi posible formalizar un novo contrato debido á paralización dos procedementos administrativos derivada da declaración do Estado de Alarma.

Finalmente, no que se refire ao resto dos contratos de subministros e servizos, se o contratista incorrera en demora por razón da situación de feito e/ou de dereito xerada polo COVID-19, poderá ampliarse o seu prazo de execución sempre que o contrato no perdera a súa finalidade.

Por suposto, quedan excluídos destes supostos os contratos de servizos e subministro sanitario, farmacéutico ou calquera relacionado coa crise sanitaria; os contratos de servizos de seguridade, limpeza, e mantemento de sistemas informáticos; ou de servizos e subministros para garantir a mobilidade e seguridade das infraestruturas e os servizos de transporte.

### Contratos en fase de tramitación



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

Consello da Xunta

Dada a paralización dos procesos administrativos instaurada polo Estado de Alarma, tamén quedan suspendidos os contratos en fase de tramitación. Con todo, mediante resolución motivada, poderanse adoptar medidas para evitar prexuízos graves ao interesados.

Si se poderá acordar, motivadamente, a continuación daqueles procedementos que estean referidos estritamente ao Estado de Alarma ou crise sanitaria, ou que sexan indispensables para a protección do interese xeral ou funcionamento básico dos servizos. Nestes casos, si que se poderá chegar á formalización e execución dos contratos.

## A XUNTA APROBA A COBERTURA DO 100% DO BONO DE ALUGUEIRO SOCIAL DOS COLECTIVOS MÁIS DESFAVORECIDOS DURANTE O ESTADO DE ALARMA

- **As persoas beneficiarias deste bono social non terán que facer fronte ao pago do alugueiro mensual, xa que o Goberno galego asume a totalidade da renda da vivenda mentres dure o estado de alarma**
- **O Consello da Xunta tamén acordou destinar máis de dous millóns de euros para o presente exercicio ao programa de axudas ao alugueiro para vítimas de violencia de xénero**
- **Tamén decidiu o aprazamento do cobro dos recibos de alugueiro das vivendas de promoción pública e dos locais comerciais propiedade do Instituto Galego da Vivenda e Solo**

A Xunta de Galicia vén de aprobar que a Administración galega asuma a cobertura no 100% das axudas do Bono de alugueiro social dos colectivos máis desfavorecidos mentres se mantén o Estado de alarma debido á crise do Covid-19. É dicir, aquelas persoas que na actualidade sexan beneficiarias dunha axuda ao amparo do programa Bono de Alugueiro Social veranse excluídos de facer fronte do pago do alugueiro mentres se manteña o estado de alarma.

A Xunta tomou a decisión de asumir tamén a parte da renda que non cubre a axuda concedida ao abeiro do bono de alugueiro social e do bono de alugueiro social para vítimas de violencia de xénero durante a vixencia das medidas excepcionais adoptadas en relación co COVID-19. Trátase duns 157.500 euros ao mes que se aboarán para pagar a renda pola vivenda duns 700 beneficiarios actuais do programa; que non terán que facer fronte ao pago do alugueiro mensual.

O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá tamén autorizou hoxe a convocatoria das axudas en 2020, para vivenda a vítimas de violencia de xénero a través da concesión do Bono de Alugueiro Social, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero. Esta orde de axudas está dotada cun orzamento de máis de dous millóns de euros.

Estas subvencións están destinadas a atender con carácter urxente ás seguintes unidades de convivencia, como:

- **As das mulleres vítimas de violencia de xénero nunha relación de convivencia e de dependencia económica do seu agresor ou, no caso de mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual, de dependencia da persoa que mantiver sobre ela unha relación de dominación. Terán tamén esa consideración as mulleres que padeceran violencia vicaria ou violencia “por interpósita persoa”, con resultado de morte.**
- **As das fillas e fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero, calquera que sexa a natureza da súa filiación, que se atopasen nunha situación de dependencia económica da nai ou do agresor no momento do falecemento da vítima.**

### **36 meses de axuda**

O Bono de Alugueiro Social para vítimas de violencia de xénero terá un importe de 225, 200 ou 175 euros, segundo o concello no que se atopa a vivenda alugada. Esta axuda equivale ao 50 por cento do importe máximo que pode acadar o prezo do alugueiro da vivenda en cada zona, que será de 450 euros ao mes nas sete grandes cidades, de 400 euros nos concellos de carácter urbano e de 350 nos concellos de tipo rural. As bases publicadas no DOG do 24 de abril de 2019 inclúen a lista de concellos en que se aplica cada importe máximo.

O Bono concederáse por un período de doce meses, prorrogable dúas veces pola mesma duración, de maneira que pode chegar ata un total de tres anos.

Poderase solicitar unha axuda complementaria, de ata 600 euros, para o suposto da inmediata formalización dun contrato de alugamento, que se destinarán a atender as obrigas derivadas da constitución de fianza e da alta en subministracións.

As axudas poderán solicitarse a partir da publicación da convocatoria no Diario Oficial de Galicia e ata o 11 de decembro de 2020, salvo que se esgote antes o crédito orzamentario.

### **Facilitar o dereito á vivenda**

O Goberno galego habilita e diseña instrumentos para facilitar aos cidadáns, sobre todo aos colectivos máis vulnerables, o acceso a unha vivenda digna.

A situación actual, por mor da crise sanitaria do coronavirus, obriga ás Administracións situarse ao carón de quen máis o precisa, co obxectivo de causar o menor prexuízo posible, como poden ser os adxudicatarios das vivendas de promoción pública do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) en réxime de alugueiro e dos locais comerciais da súa propiedade alugados a particulares e asociacións.

Nese sentido, a Xunta decidiu non xirar os recibos desde abril e mentres se manteña a actual situación de estado de alarma; pois nesta crise sanitaria é necesario apoiar a aqueles que teñen maiores dificultades sociais.

Así, máis de 3.500 familias aloxadas en vivendas de promoción pública do IGVS poderán beneficiarse deste aprazamento, así como os inquilinos de 42 locais comerciais alugados tamén por esta entidade. O importe total dos recibos correspondentes ao mes de abril ascende a máis de 300.000 euros.



## A AUTORIZACIÓN DA XUNTA A EXLABESA PARA A AMPLIACIÓN DAS SÚAS INSTALACIÓNS PERMITIRÁ Á EMPRESA CREAR 200 EMPREGOS

- ***A compañía prevé investir, a curto e medio prazo, 32 M€ no polígono industrial situado entre Padrón e Rois, o que impulsará a actividade económica da zona***
- ***As instalacións ampliaranse ata os 447.052 metros cadrados para unificar e modernizar as plantas existentes e incrementar, deste xeito, a súa produción***

O Consello da Xunta acordou a aprobación definitiva do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para a ampliación e mellora das instalacións que Exlabesa ten no polígono industrial situado entre os concellos de Padrón e Rois (A Coruña). Así, a empresa prevé aumentar e modernizar a súa superficie e xerar 200 postos de traballo, contribuíndo ao impulso da actividade económica e industrial da comarca.

Exlabesa investirá un total de 32 millóns de euros a curto e medio prazo neste proxecto de unificación, ampliación e modernización das súas instalacións que lle permitirá chegar aos 447.052,40 metros cadrados e incrementar a súa produción. As novas instalacións contan cun prazo de execución de tres anos, unha vez a empresa obteña a licenza de obra municipal.

Exlabesa inicia a súa actividade nesta comarca no ano 1994. Adícase principalmente ao extrusionado, lacado e anodizado de aluminio para a obtención de perfís de aluminio de diferentes formas e acabados cos que abastece a fabricantes de fiestras ou a construtoras, entre outros clientes. O grupo ten oito factorías en EEUU, Reino Unido, Alemaña, Polonia, Marrocos e España, está presente a nivel comercial en 40 países, e considérase un dos referente internacionais do sector. A produción anual en Galicia é de 53.000 toneladas, o que supón un 25% da produción nacional.

Deste xeito, a Xunta amosa o seu apoio e compromiso co desenvolvemento industrial da Comunidade e, en concreto, cun sector como o do aluminio que xera en Galicia máis de 3600 postos de traballo e conta cunha facturación anual que supera os 4900 millóns de euros.



## **A XUNTA ABOARÁ OS MENÚS DOS COMEDORES ESCOLARES XESTIONADOS POLA ADMINISTRACIÓN ÁS FAMILIAS CON MENOS RECURSOS MENTRES ESTEAN SUSPENDIDAS AS CLASES PRESENCIAIS**

- ***Poderán acollerse a estas axudas preto de 51.000 alumnos, dos cales 45.000 corresponden ao segundo ciclo de Educación Infantil, Educación Primaria e ESO; e outros 6.000 ao primeiro ciclo de Educación Infantil de 0 a 3 anos***

O Consello da Xunta acaba de aprobar as axudas de carácter directo a través das cales aboará os menús dos comedores escolares xestionados pola Administración ás familias con menos recursos mentres estean suspendidas as clases presenciais.

Poderán acollerse a estas axudas preto de 51.000 alumnos, dos cales 45.000 corresponden ao segundo ciclo de Educación Infantil, Educación Primaria e ESO; e outros 6.000 ao primeiro ciclo de Educación Infantil de 0 a 3 anos.

No caso dos alumnos de segundo ciclo de Infantil, Primaria e ESO, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional aboará os menús escolares de todos os días lectivos mentres estean suspendidas as clases presenciais a aquelas familias que durante o curso son beneficiarias dunha bolsa de comedor gratuíta (que non pagan nada polo servizo) ou semigratuíta que pagan 1 euro/día, naqueles centros públicos cuxo servizo de comedor está xestionado pola Consellería.

Segundo os datos da Consellería, a xaneiro do presente curso, o número de beneficiados por esta medida son preto de 45.000 alumnos, a razón de 40.480 usuarios con comedor gratuíta e 3.813 semigratuíta que pagan 1 euro. Así, no caso dos usuarios de comedor gratuítos a Consellería aboaralles 2,5 euros/día, e no caso dos usuarios semigratuítos recibirán 1,5 euros/día durante os 14 días lectivos computados durante a vixencia da declaración da situación de Emerxencia Sanitaria.

Para tal fin a Consellería de Educación vén de habilitar un crédito de 3 millóns de euros, que é o estipulado para atender os 14 días lectivos que van entre o comezo da suspensión da actividade lectiva presencial e dos servizos educativos complementarios o pasado 16 de marzo ata o día 12 de abril; así como unha previsión no caso dunha eventual segunda prórroga da situación de alarma.

Unha vez que esta Orde se publique no Diario Oficial de Galicia, as familias beneficiarias disporán de prazo ata o día 6 de abril para presentar a solicitude formal de xeito obrigatorio a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Naqueles casos nos que as familias non dispoñan de acceso electrónico, poderán solicitar a colaboración dos equipos directivos dos centros de ensino onde estean escolarizados os seus fillos.

### **Escolas Infantís de 0 a 3 anos**

No caso das escolas infantís de 0 a 3 anos -que xestiona a Consellería de Política Social- a axuda económica irá destinada ás preto de 6.000 familias que pagan mensualmente 27



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

Consello da Xunta

euros ao mes ou menos polo comedor da súa filla ou fillo, incluíndo aquelas que non pagan nada porque o teñen bonificado ao 100%.

Con esta medida, o Goberno galego busca atender a aquelas familias que están asumindo un custe engadido dos menús diarios dos seus fillos e fillas que, en situación normal de período lectivo presencial correría a cargo da Administración.

## A XUNTA IMPULSARÁ O ESTUDO DO PATRIMONIO E AS IDENTIDADES EN GALICIA A TRAVÉS DO INSTITUTO DE ESTUDOS GALEGOS PADRE SARMIENTO

- **O Goberno autonómico investirá 150.000 euros ao longo de tres anos nun convenio de colaboración co CSIC para realizar traballos de investigación histórica na área das peregrinacións e da historia social do poder en Galicia desde a Idade Media**

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) para impulsar dúas liñas de investigación que desenvolve o Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, con sede en Santiago. A colaboración da Administración autonómica a este fin, durante os anos 2020, 2021 e 2022, ascende a 150.000 euros.

Máis polo miúdo, unha das liñas de investigación que se verá beneficiada desta colaboración será a que afonda no *Patrimonio e identidades en Galicia*, que busca ampliar o coñecemento científico dos bens patrimoniais en ámbitos xeográficos singulares polo seu valor cultural. As investigacións centraranse preferentemente na análise histórica das peregrinacións desde a Idade Media á actualidade, especialmente as peregrinacións xacobeas e o Camiño de Santiago, así como a súa relación co territorio, o patrimonio e o turismo.

No que respecta aos traballos da liña de investigación sobre a *Historia social do poder en Galicia desde a Idade Media*, realizarase a través de reconstrucións de carácter xenealóxico. Así mesmo, elaboraranse repertorios documentais e de coleccións patrimoniais que incluírán representacións heráldicas, monumentos funerarios ou arquitecturas señoriais. O obxectivo é contribuír á correcta identificación e contextualización do patrimonio cultural galego, o que permitirá promover unha maior conservación e difusión do mesmo.

As intervencións obxecto do presente convenio están incluídas nos plans do Goberno galego para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia a través da Consellería de Cultura e Turismo. Co obxectivo de preservar o patrimonio cultural galego, aposta pola realización de estudos, traballos e os documentos necesarios para incrementar e actualizar os datos e información da Xunta sobre os diferentes bens.

As liñas de investigación que impulsará este acordo contribúen ao enriquecemento do patrimonio cultural galego, polo que a Xunta considera de interese social a súa realización, xa que contribúen a aumentar o coñecemento sobre áreas específicas, o que permitirá ampliar a divulgación e difusión do patrimonio así como mellorar a súa protección e facilitar a acceso ao mesmo da poboación.

## A XUNTA SUSPENDE OS PRAZOS PARA A PRESENTACIÓN DOS IMPOSTOS DE TRANSMISIÓNS PATRIMONIAIS, DE SUCESIÓNS E OS TRIBUTOS DO XOGO PARA DOTAR DE LIQUIDEZ A EMPRESAS E CIDADÁNS

- *Todas as autoliquidacións destes impostos cuxo prazo vence a partir da declaración do estado de alarma poderán ser presentadas ata o 30 de xuño*
- *A medida beneficiará cada mes a 32.000 persoas e empresas, e a Axencia Tributaria de Galicia deixará de ingresar cada mes uns 35 millóns de euros*
- *A Xunta toma esta decisión para evitar tamén os desprazamentos de cidadáns a rexistros ou entidades bancarias*
- *O Goberno galego activa ademais un plan específico para dotar de liquidez á Comunidade Autónoma, a través do cal a tesourería disporá de ata 1.800 millóns de euros para afrontar pagos extraordinarios e axilizar o pagamento de facturas*
- *A Administración galega xa pagou 941 millóns de euros en facturas no que vai de ano e o obxectivo é pechar marzo cun tempo medio de pago que non supere os 15 días*

A Xunta de Galicia suspendeu os prazos para a presentación das autoliquidacións dos impostos de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados (ITP-AXD); de sucesións e doazóns (ISD) e os tributos do xogo, segundo consta nun informe sobre medidas tributarias e de apoio e liquidez a cidadáns e empresas por mor do coronavirus, abordado hoxe no Consello da Xunta.

Todas as autoliquidacións destes tres impostos cuxo prazo venceu a partir da declaración do estado de alarma o pasado 14 de marzo, ou vai vencer mentres dure esta situación excepcional, poderán ser presentadas ata o 30 de xuño de 2020, ou ata un mes despois da finalización do estado de alarma.

Esta medida beneficiará cada mes a unhas 32.000 persoas e empresas, que mentres dure o estado de alarma non terán a necesidade de presentar a autoliquidación do imposto. A Axencia Tributaria de Galicia deixará de ingresar cada mes uns 35 millóns mentres estea vixente esta suspensión de prazos. En todo caso, os contribuíntes que así o prefiran poden presentar as autoliquidacións de xeito telemático a través da Oficina Virtual da ATRIGA.

A suspensión de prazos non afecta ao resto dos impostos autonómicos –coma o canon eólico, o imposto sobre as augas encoradas ou o imposto sobre contaminación atmosférica– dado que a súa presentación faise obrigatoriamente de xeito telemático e están relacionados co impacto ambiental de determinadas actividades non afectadas polo coronavirus.

A Xunta de Galicia toma esta decisión para evitar os desprazamentos de cidadáns a rexistros ou entidades bancarias, de modo que realicen todos estes trámites unha vez que conclúa a actual situación.

Hai que ter en conta que un contribuínte, aínda que non teña que aboar o imposto por beneficiarse das distintas bonificacións ou deducións existentes –como sucede coas

deducións do Imposto sobre Sucesións ou co programa de Impostos Cero no rural-, si está obrigado en todo caso a presentar a correspondente autoliquidación do imposto.

### **Plan de tesourería para dispoñer de ata 1.800 millóns**

Ademais de aprobar unha suspensión dos prazos para autoliquidar os principais impostos que xestiona a Comunidade Autónoma, o Goberno galego tamén vén de activar un plan específico para dotar de liquidez á tesourería da Comunidade Autónoma, co fin de compensar o descenso da recadación motivado pola suspensión de prazos e, ao mesmo tempo, axilizar os pagamentos de facturas a todos os provedores que traballan coa Administración galega, para aliviar os efectos negativos derivados do coronavirus.

Con este plan, a Tesourería da Comunidade Autónoma poderá dispoñer de ata case 1.800 millóns de euros cos que afrontar os pagamentos ordinarios –como as nóminas dos empregados públicos ou as cotizacións á Seguridade Social- e ademais axilizar o pagamento das facturas aos provedores da Xunta de Galicia e afrontar gastos extraordinarios que poidan xurdir nas vindeiras semanas.

En concreto, a través da renovación das liñas de crédito ordinarias e da formalización de préstamos a curto prazo, a Xunta de Galicia contará cun potencia de liquidez dispoñible de 1.310 millóns de euros. A esta cantidade súmanse outros 260 millóns de préstamos do Banco Europeo de Investimentos (BEI) xa formalizados e pendentes de disposición, e outros 200 millóns pola formalización de préstamos a longo prazo.

Estes recursos de liquidez, que garanten a solvencia da Comunidade Autónoma nos vindeiros meses, son a maiores dos recursos provintes do sistema de financiación autonómica e do Fondo de Facilidade Financeira.

### **Obxectivo: situar o tempo medio de pago nun máximo de 15 días**

Con este plan de liquidez, o obxectivo da Xunta de Galicia é pechar o mes de marzo cun tempo medio de pago, que actualmente é de 13,7 días, nun máximo de 15 días, o que volverá situar a Galicia entre as comunidades que mellor pagan aos seus provedores, como xa sucedeu nos exercicios 2018 e 2019.

Hai que ter en conta que a Administración galega é a principal entidade pagadora da Comunidade Autónoma. No que vai de ano, a Xunta de Galicia xa aboou un total de 193.145 facturas por un importe de algo máis de 941 millóns de euros.

De feito, o obxectivo é que esta disposición de liquidez da Xunta de Galicia se traslade ao tecido produtivo galego, posto que o número de provedores actual da Administración autonómica oscila entre os 4.478 e os 4.642, dos que máis de 2.300 son pemes (sociedades de responsabilidade limitada); 953 autónomos, 611 sociedades anónimas e 232 entidades sociais sen ánimo de lucro (na súa maioría entidades). Ademais, a través dos catro colexios farmacéuticos provincias canalízase o pago a máis de 1.300 oficinas de farmacia.



## A XUNTA OFRECE O SERVIZO DOS AXENTES MEDIOAMBIENTAIS PARA REALIZAR TAREFAS VOLUNTARIAS PARA OS VECIÑOS DO MEDIO RURAL

- ***A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda dispón de preto de 150 axentes repartidos por todo o territorio que poderán incorporarse a este programa para axudar ás persoas maiores e que viven soas e atender a posibles necesidades***
- ***Tamén realizarán tarefas de vixilancia e control nos camiños rurais e espazos naturais para garantir que os cidadáns cumpren coas medidas de confinamento establecidas polas autoridades***

O Consello da Xunta, na súa reunión celebrada esta mañá, foi informado das últimas medidas impulsadas pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para paliar a crise provocada polo coronavirus (Covid-19); polo que preto de 150 efectivos medioambientais poderán sumarse a un programa de voluntariado para realizar tarefas que garantan os servizos básicos ás persoas maiores que viven no rural galego.

Na actualidade, a Consellería de Medio Ambiente dispón de case 150 axentes medioambientais repartidos por distritos e zonas, cos que se abrangue a todo o rural galego. Así, os axentes medioambientais que o desexen poderán incorporarse a este programa voluntario de actuacións, para coñecer os efectivos dispoñibles por provincia.

A realización dos traballos voluntarios a desenvolver quedará supeditada á realización, dalgún servizo esencial, que lle poida ser encomendado en coordinación cos servizos sociais dos concellos, como a vixilancia e o seguimento visual e telefónico das persoas maiores ou con discapacidade que viven soas en zonas rurais despoboadas ou pouco accesibles. Trátase de manter un seguimento de carácter social das persoas maiores ou discapacitadas que viven illadas, co fin de atender a posibles necesidades ou a cambios nos estados de saúde, tanto física como mental.

Así os axentes acudirán, no vehículo oficial, ás vivendas das persoas que precisen desta axuda ou contactarán mediante unha chamada telefónica para establecer contacto con eles. Con esta actuación, preténdese dar confianza ás persoas illadas, coñecer o seu estado e reportar información fiable aos servizos sociais dos concellos.

Tamén poderán levar a cabo actuacións de vixilancia dos camiños rurais e espazos naturais, fundamentalmente, incluídos en Rede Natura, para facer cumprir as medidas de confinamento decretadas polo estado de alarma. Nos casos de observarse incumprimentos, realizarán a correspondente denuncia.

Cómpre recordar que están prohibidas todas as visitas aos espazos naturais, así como suspendidas as actividades cinxéticas e piscícolas, e determinou que se declararan unha serie de servizos esenciais a realizar polos axentes medioambientais dependentes da Consellería de Medio Ambiente, como atender os avisos por danos de lobos ou por danos nos cultivos provocados polo xabaril.



## A XUNTA ACHEGA 30 M€ NA NOVA LIÑA DE FINANCIAMENTO DIRIXIDA A INXECTAR LIQUIDEZ INMEDIATA A PEMES E AUTÓNOMOS POLO COVID-19

- ***Esta iniciativa permitirá ao tecido empresarial mobilizar 250 M€, avalando ata 200.000 euros a cada negocio para atender as súas necesidades, como pago de salarios, alugueres ou impostos***
- ***Os beneficiarios terán ata catro anos para amortizar estes préstamos e a Xunta farase cargo do 100 por cento dos xuros***

**Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2020.-** O Consello da Xunta avanzou hoxe na nova liña de financiamento aprobada para inxectar liquidez inmediata a pemes e autónomos. En concreto, trátase dunha liña específica á que o Goberno galego destina preto de 30 millóns de euros para permitir a mobilización de 250 millóns de euros en préstamos que contribuirán a paliar os efectos do coronavirus no tecido empresarial galego.

Con esta medida, a Xunta reforza o programa de reavais que tiña vixente para facilitar o acceso ao crédito das pemes, dotado inicialmente con 36 millóns de euros que agora pasan a ser 250 millóns de euros. Un programa que se instrumenta a través dun convenio de colaboración da Xunta de Galicia no que participan as sociedades de garantía recíproca (SGR) Afigal e Sogarpo. De feito, con este acordo, o Igape reavala ás SGR nun 25%, polo que o límite da garantía conxunta –sumada á que ofrece o Estado a través do Cersa– acada o 80%.

Esta liña de financiamento para autónomos e pemes cubrirá operacións do dobre dos custos salariais do ano anterior ou o 25 por cento da cifra de negocio cun máximo de 200.000 euros. Os beneficiarios terán ata catro anos para amortizar estes préstamos e a Xunta farase cargo dos xuros.

Con esta inxección de liquidez, as empresas e o colectivo autónomo poderán atender as súas necesidades máis inmediatas, os gastos do día a día, como o pago de salarios, facturas, alugueres ou impostos. De feito, a nova liña ofrece mellores condicións porque reduce o custo da operación a través da bonificación do cento por cento dos xuros por parte da Xunta de Galicia.

Cubrirá entre 3.000 e 200.000 euros de importe, con prazos de ata catro anos e cun máximo dun 1,75 por cento de xuros que serán bonificados a fondo perdido. Ademais, non contará con comisión de estudo, e a comisión anual rebáixase á metade, ata o 0,50 por cento.

O obxectivo da Xunta é que o tecido empresarial galego poida mitigar os impactos provocados por esta pandemia cos apoios financeiros precisos. Así, ao longo destes días, desde a Consellería de Economía, Emprego e Industria estase a manter unha rolda de consultas con todos os axentes sociais e económicos para escoitar as súas demandas e coñecer de primeira as incertezas que lles está xerando a situación provocada polo coronavirus.



**XUNTA  
DE GALICIA**



**Xacobeo 2021**

**galicia**

## **INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

Consello da Xunta

A Xunta está a traballar desde o consenso e o diálogo para saír desta situación. A prioridade é garantir a saúde das persoas e, polo tanto, a saúde e a seguridade dos traballadores e traballadoras. Unha vez cumprida esa premisa, o seguinte obxectivo é o mantemento da actividade empresarial e dos empregos asociados.



**FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL**  
"Unha maneira de facer Europa"

**FONDO SOCIAL EUROPEO**  
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA



## **A XUNTA PON EN MARCHA O COMITÉ DE FABRICACIÓN DE EQUIPAMENTO SANITARIO PARA CONTRIBUÍR A QUE GALICIA CONTE COS MEDIOS DE PROTECCIÓN NECESARIOS CONTRA O CORONAVIRUS**

- ***O Consello da Xunta aproba a posta en marcha desta comisión que promoverá a fabricación inmediata en Galicia de produtos destinados, principalmente, ao uso sanitario e á prevención de riscos laborais***
- ***Asesorará ás empresas e aos centros tecnolóxicos fabricantes sobre os requisitos de calidade e seguridade precisos para que os equipos se poidan utilizar nos eidos industrial e nos servizos sociais non asistenciais***
- ***Contará cunha plataforma que coordinará a demanda e a oferta do tecido produtivo galego de equipamentos***
- ***Activará tamén unha liña de axudas ao investimento para facilitar as transformacións necesarias nas empresas para abordar a produción de material de protección***
- ***A comisión está integrada inicialmente por representantes das consellerías de Economía, Emprego e Industria; Sanidade e de Política Social***
- ***A Xunta destaca o compromiso do tecido industrial galego, que xa remitiu máis de 40 propostas de produción que están sendo avaliadas pola Administración autonómica***
- ***O sector téxtil e da confección, coordinado polo clúster Cointega, está a fabricar 12.000 batas médicas, despois de que as autoridades sanitarias validasen os prototipos***

O Goberno galego reforza as medidas de loita contra a propagación do Covid-19 e pon en marcha o Comité de fabricación de equipamento sanitario, que se encargará de coordinar a posta a disposición da Comunidade galega de equipos de protección individual (EPI), principalmente máscaras, batas ou luvas.

Esta comisión que vén de aprobar esta mañá o Consello da Xunta encargárase de identificar e asesorar os estándares de calidade e seguridade mínimos para que os produtos necesarios poidan utilizarse en Galicia nos eidos industrial, así como nos servizos sociais non asistenciais. Ademais, promoverá os desenvolvementos e reorientacións industriais e de innovación cara á fabricación destes produtos, así como a autorización da súa fabricación, sen prexuízo dos correspondentes expedientes de contratación pública para a adquisición do compromiso entre o novo fabricante e a Xunta.

Estará integrado inicialmente por un representante da Consellería de Economía, Emprego e Industria, así como da Axencia Galega de Innovación (Gain), o Igape, XesGalicia, a Dirección Xeral de Comercio e Consumo, e o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), así como das consellerías de Sanidade e de Política Social.

### **Primeiras medidas que se activarán**



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

O comité técnicoponse en marcha con dúas iniciativas destinadas a impulsar e organizar a produción do material necesario. En primeiro lugar, creará unha plataforma que coordinará a demanda de equipos de protección e a oferta do tecido empresarial galego. Con ela, a Xunta automatizará a xestión dos recursos materiais de xeito sistemático e coa garantía de que as propostas achegadas polas empresas teñan a calidade esixida.

Coa supervisión da Administración galega, a plataforma posibilitará que o sector público acade as ofertas que precisa mentres os produtores xestionan directamente os acordos de compra e venda.

Ademais, vai activar proximamente unha liña de axudas ao investimento para facilitar que as empresas leven a cabo as transformacións necesarias para abordar a fabricación inmediata de material de protección.

### **Compromiso do tecido produtivo galego**

Desde as declaracións do estado de alarma e de emerxencia sanitaria, o Goberno galego iniciou a captación de capacidades produtivas na industria para responder ás necesidades de equipos de protección, prioritariamente no ámbito sanitario e na prevención de riscos laborais. A resposta do tecido empresarial da Comunidade foi inmediata e, ata o momento, hai xa máis de 40 propostas de produción urxente de material que están sendo avaliadas pola Administración autonómica.

Como resposta á demanda trasladada polo Sergas ás empresas galegas, e despois de que as autoridades sanitarias validasen os prototipos, o sector téxtil e da confección galego, coordinado pola Confederación de Industrias Têxtils de Galicia (Cointega), comezou a fabricación de 12.000 batas médicas. Xunto con esa petición, o Sergas solicitou á industria do plástico á elaboración de mandís sanitarios impermeables. Nestes momentos, estase a valorar a solución proposta. Ademais, hai ofertas de produción doutros materiais como pantallas protectoras, que están sendo estudadas pola Administración galega.

## A XUNTA PORÁ A DISPOSICIÓN DE 1.000 FAMILIAS CON MENOS RECURSOS EQUIPOS E CONEXIÓNS A INTERNET PARA FACILITAR O SEGUIMENTO DA ACTIVIDADE EDUCATIVA

- ***A acción, dirixida a alumnado de Secundaria, Bacharelato e Formación Profesional, enmárcase nas medidas da Administración autonómica para o ámbito educativo durante o período de suspensión das clases por mor do COVID-19***
- ***Tamén se amplían e reforzan os recursos dispoñibles, habilitando o acceso do profesorado unha plataforma de videoconferencia e aos recursos dixitais editoriais de E-DIXGAL***
- ***No referido á FP, poranse a disposición os recursos do banco de recursos elaborado polos docentes e os materiais didácticos dos ciclos a distancia, que se irán ampliando progresivamente***

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), porá a disposición de 1.000 familias con menos recursos kits compostos por un terminal e unha conexión a rede (gratuíta grazas á colaboración dos operadores Orange, Vodafone e R), para facilitarlles o seguimento da actividade educativa; e ademais contarán co acompañamento do Soporte Premium. A medida está dirixida a alumnado de Secundaria, Bacharelato e Formación Profesional, que recibirá os equipos a través dos seus centros de ensino.

Así mesmo, porase a disposición de máis de 33.000 docentes do ensino galego unha plataforma de videoconferencia coa que poderán interactuar co alumnado e familias e, polo tanto, impartir as súas clases en tempo real e solucionar dúbidas ou consultas.

Ademais, os provedores dos contidos educativos dixitais presentes no proxecto E-DIXGAL, porán a disposición de todos os centros os contidos educativos dixitais que se empregan no proxecto. Con carácter temporal, os centros poderán empregar estes contidos a través dos mecanismos que se comunicarán no portal educativo.

Son medidas para reforzar e ampliar os recursos online durante período de suspensión das clases por mor do COVID-19, que se recollen no *Informe sobre soporte online para alumnado e profesorado non universitario analizado* hoxe no Consello da Xunta. O obxectivo é facilitar o seguimento do curso escolar diante da situación de emerxencia sanitaria que estamos a vivir. Neste sentido, a prioridade da Administración autonómica é garantir a docentes, alumnado e familias un apoio inmediato en forma de dispoñibilidade de ferramentas tecnolóxicas para que poidan seguir traballando en liña nas súas casas.

No marco desta actuación tamén se dará a máxima visibilidade no Portal Educativo a un espazo no que se recollerán ás principais ferramentas tecnolóxicas que se poñen a disposición da comunidade educativa para organizar o seu traballo: transmitir información, e recursos a familias e alumnado, organizar os contidos educativos e facilitar o seguimentos de contidos, actividades e tarefas, comunicarse co alumnado, familias, resto do profesorado,

... Ademais, a partir da vindeira semana, iranse incluíndo neste espazo videotutoriais que expliquen de forma sinxela o uso destas ferramentas.

### **Materiais didácticos para FP**

No relativo á Formación Profesional, e no marco do compromiso de asegurar tanto o remate do curso como a continuidade dos itinerarios formativos, a Consellería de Educación pon a disposición de todo o profesorado que imparte docencia nestas ensinanzas materiais didácticos. Trátase, en concreto, do banco de recursos elaborado polo propio profesorado de FP, no marco de licenzas de formación convocadas durante os últimos oito anos. Trátase de material de 60 ciclos diferentes o que implica máis de 140 módulos profesionais e 21.334 horas de formación curricular.

Ademais poranse en aberto todos os materiais didácticos que se están a utilizar na modalidade de formación profesional a distancia en Galicia, o que inclúe 34 ciclos diferentes, con 272 módulos e, por tanto 37.757 horas de formación curricular. Progresivamente iranse ampliando o número de ciclos ata chegar aproximadamente á centena.

Todo este material estará dispoñible en <http://www.edu.xunta.es/fp/> nos vindeiros días.

### **Incremento de usuarios**

Con estas novas medidas dáse resposta ao crecente número de usuarios nas ferramentas que a Xunta xa ten dispoñibles. Neste sentido cómpre sinalar que na última semana se multiplicou por 3,4 (ata os 1.047 de media) o número de docentes creadores de contido que acceden diariamente aos portais educativos dos centros educativos para introducir contidos.

No referido ás persoas rexistradas como usuarios traballando nas aulas virtuais, na última semana incrementouse o número de usuarios ata unha media de 39.447 conectados, o que representa máis dobre que en semanas previas. Tamén se dobrou o uso da plataforma, medido en peticións por hora.

En canto ao espazo Abalar e abalarMóbil, a media de usuarios activos incrementouse en máis de 9.000, ata os 37.687, alcanzando o longo da semana máximos diarios de preto de 66.000 usuarios. Aínda máis significativo é o número medio diario de novas conversas rexistradas na última semana, 8.189, fronte ás 506 que se realizaban antes.

### **Guía para a teleformación**

A Xunta de Galicia ten xa información e recursos dispoñibles no Portal Educativo e na Rede de Formación do Profesorado, entre eles unha Guía que establece as directrices para o exercicio do teletraballo do profesorado galego.

O documento estrutúrase en cinco grandes apartados, que inclúen unhas breves instrucións sobre o COVID-19, unhas orientacións básicas para o desenvolvemento do ensino non presencial, unha relación de ata once espazos virtuais tanto nacionais como internacionais adaptados ás diferentes etapas e materias e un resumo de ferramentas específicas aptas para a xestión da aprendizaxe, a creación de contidos interactivos, edición de vídeos,



videoxogos, audio, imaxes, pantallas dixitais...etc. Finalmente recórdanse as ferramentas para a teleformación do profesorado (Platega, Cursos en aberto) e a posibilidade de asesoramento co persoal da Rede.

### Recursos xa dispoñibles

Cómpre lembrar, ademais, que o sistema educativo galego parte dun traballo sen precedentes por parte de docentes e Administración nos últimos anos para a integración das TIC na práctica diaria dos centros educativos, por medio das diferentes accións e programas a través do Proxecto Abalar e da Estratexia Galega para a Educación Dixital, EDUDIXITAL 2020.

Proporcionadas pola propia Xunta de Galicia veñen funcionando as páxinas web dos centros educativos, que permiten a publicación de información e recursos para familias e alumnado; así como as aulas virtuais dos centros, espazos nos que os docentes poden organizar os contidos das unidades didácticas, e comunicarse co alumnado, que pode nesta mesma plataforma realizar tarefas e cuestionarios.

Así mesmo están a disposición de toda a comunidade educativa os contidos interactivos –de distintas niveis e materias, e en distintos idiomas- do Repositorio de Contidos Educativos Dixitais do espazo Abalar e, coas novas medidas, estarán tamén os contidos editoriais dispoñibles en E-Dixgal.

Tamén vén funcionando con éxito a app abalarMóbil, aplicación que permite ás familias consultar a información dos seus fillos a través do teléfono móbil dende calquera lugar, de forma cómoda e rápida, en na que se poden consultar os posibles avisos ou notificacións por parte do profesorado ou do centro educativo.

Ademais destas 5 ferramentas imprescindibles, existen outras complementarias e máis relacionadas coa aprendizaxe social, como son Agueiro, plataforma en liña de e-portfolio que permite aos centros crear a súa propia comunidade educativa virtual; Redeiras, rede social profesional do profesorado, con grupos de asesoramento e colaboración sobre diferentes temáticas ou programas educativos; e Escolas na Nube para o traballo dos Centros Rurais Agrupados.



## A XUNTA TRAMITA A COMPRA DE EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL E MÁSCARAS POR VALOR DE 6,6 MILLÓNS DE EUROS

- **En concreto, o Goberno galego adquire materiais considerados imprescindibles, tales como máscaras respiratorias e cirúrxicas, e batas de alta protección/impermeables**
- **Tamén se inclúe a adquisición de solucións desinfectantes e outras materias primas para a súa elaboración e envasado**

A Consellería de Sanidade informou hoxe ao Consello da Xunta de Galicia da contratación de diversos materiais de protección, destinados a profesionais e doentes, para facer fronte á pandemia do coronavirus. Esta adquisición, tramitada polo procedemento de urxencia, conta cun orzamento de 6.697.638,41 euros.

O obxectivo desta actuación é efectuar unha compra de materiais considerados imprescindibles para reforzar a súa actual dotación. En concreto, o Goberno galego adquire 7.230.000 máscaras cirúrxicas por valor de 5.119.350 euros e 200.000 máscaras respiratorias por valor de 928.675 euros. Tamén 625.034 batas de alta protección/impermeables aos que se destinou un orzamento de 430.180 euros, e 21.920 botellas de 500 ml de solucións desinfectantes por valor de 182.734 euros.

Tamén se inclúe a adquisición de materias primas para a elaboración de material desinfectante para o que se destinan 4.573 euros, así como envases e tubos dispensadores para a elaboración destes produtos por valor de 32.125 euros.

Os protocolos de actuación para a protección dos profesionais na presente crise sanitaria provocada polo COVID-19 establece a necesidade de que usen equipos de protección individual (EPI) para determinadas intervencións. Os elementos de protección recomendados son gafas de protección, batas de alta protección, máscaras respiratorias cirúrxicas e FFP2 e luvas de exame, xunto con solución hidroalcolica desinfectante.

### Terceira tramitación de compra urxente

Con esta compra, a Xunta tramita por terceira vez de forma urxente a adquisición de material ou equipamento para a atención de pacientes que poidan resultar infectados polo coronavirus. Este equipamento está destinado a pacientes e profesionais de toda a rede sanitaria do Servizo Galego de Saúde.

Así, o Consello da Xunta xa autorizou a pasada semana a adquisición polo procedemento de urxencia, por 1,2 millóns de euros, de 45 ventiladores volumétricos, un equipo portátil de Raios X para hospitais e 916 biombos e pantallas de protección para instalar nos mostradores de atención ao público dos centros do Sergas.

Tamén o pasado 5 de marzo, o Goberno galego dedicou 1,82 millóns de euros á adquisición por vía urxente de equipos para a atención de pacientes que poidan resultar infectados polo coronavirus. En concreto, adquiríronse 34 unidades de ventilación non invasiva, destinada á



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

Consello da Xunta

entrada dos pacientes en urxencia de adultos de todos os hospitais incluídos os comarcais, adquiríronse 27 ventiladores volumétricos para as unidades de críticos, e 7 unidades de ventiladores para o transporte dos pacientes dende os hospitais comarcais ás unidades de referencia. Tamén 6 novos equipos portátiles de raios X, para a realización de imaxes radiolóxicas dos pacientes illados en urxencias.